



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE MAIO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1753/2019.- LORENA VÁZQUEZ DOSANTOS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico de construción vivenda unifamiliar illada no LG Sionlla, 35.

LAP/42/2020.- EASYDREAMS, SL.- Conceder licenza de obra para reforma e reorganización interior para pensión na Rúa San Clemente, 32 001.

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Adóptanse as seguintes medidas:

- Levantamento da suspensión e continuidade, coa aprobación, do expediente de contratación de obra "Remodelación da Rúa Concheiros". As principais actuacións previstas son:

- Integración da senda peonil na trama viaria e urbana da zona
- Reordenación dos accesos viarios aos barrios do contorna
- Ordenación e humanización das seccións viarias
- Definición de elementos: pavimentos, mobiliarios, etc.
- Reordenación de zonas de estacionamento.

O prazo estimado de execución é de 12 meses, co obxectivo de interferir o mínimo posible co tránsito do gran número de persoas que diariamente fan uso desta rúa, e máis aínda pensando no Ano Santo.

- Levantamento da suspensión e aprobación do expediente de "Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO". O expediente contempla o subministro e instalación de bolardos e cámaras, entre outros elementos.

- Convalidación dos seguintes contratos, adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia:

- "Subministración de 20 equipos informáticos que faciliten o teletraballo ao persoal do Concello de Santiago de Compostela" a EDUARDO PÉREZ BRUN - "EDUTRONIC" por un prezo de 4.874,85 euros, IVE incluído.
- "Subministración de material de mamparas como material de protección do persoal empregado público entre si e tamén coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela" a PAYPEL EQUIPOS DE OFICINA, S.L. por un prezo de 18.056,12 euros, IVE incluído.

- “Subministración de material de protección (10.000 máscaras cirúrxicas) para o persoal do Concello de Santiago de Compostela” a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. por un prezo de 9.200,00 euros sen IVE (Orde SND/345/2020).
- “Servizo de comunicación: 70 liñas de telefonía móbil con bonos de datos de 60 GB para facilitar a aprendizaxe de determinado alumnado de Primaria do Concello de Santiago de Compostela durante os meses de maio e xuño” a VODAFONE ESPAÑA, S.A., por un prezo de 2.710,40 euros, IVE incluído.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico de construción de vivenda unifamiliar illada no LG Sionlla, 35. LIC/1753/2019. Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico de construción vivenda unifamiliar illada no LG Sionlla, 35.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra para reforma e reorganización interior para pensión na Rúa San Clemente, 32 001. LAP/42/2020. Acórdase conceder licenza de obra para reforma e reorganización interior para pensión na Rúa San Clemente, 32 001.

5.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación das bases da convocatoria de Premios de creación literaria SELIC 2020. Apróbanse as bases da convocatoria dos “Premios de Creación literaria SELIC 2020. Acórdase autorizar o gasto de 9.000 euros, que corresponde ao importe total en premios.

As bases dos “Premios SELIC de creación literaria 2020”, teñen como obxecto incrementar a presenza de Santiago de Compostela na literatura escrita en galego. Están convocados polo Concello de Santiago e contan cun premio e dous accésits para obras escritas en galego nos xéneros de narrativa, poesía, teatro e ensaio. O premio terá unha dotación de 6.000 euros e dous accésits de 1.500 euros cada un. O prazo de presentación das obras abrírase ao día seguinte da publicación da convocatoria no BOP.

6.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local. Dáse conta.